

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP ÁLVAREZ LIMESES

CURSO: 2.º DE PRIMARIA

MATERIA: Relixión Católica

DEPARTAMENTO: ---

DATA: 11 / 05 / 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias
B1.1. Recoñecer que os seus pais, amigos e contorna son un don de Deus para a súa felicidade.	CSB1.1.1. Lembra e narra experiencias recentes nas que descubriu que a familia, os amigos ou a contorna son un agasallo.	CSC, AA, CL
B1.2. Tomar conciencia de que as accións persoais achegan ou separan de Deus.	CSB1.2.1. Distingue e enumera accións persoais que te fan feliz ou infeliz.	CSC
B1.3. Comprender que a elección que fan Adán e Eva é un rexeitamento ao don de Deus.	CSB1.3.1. Le e explica as consecuencias do rexeitamento de Adán e Eva ao don de Deus descritas no relato bíblico.	CSC, CL
B2.1. Descubrir a importancia de Moisés para a liberación do pobo de Israel.	CSB2.1.1. Ordena cronoloxicamente os principais feitos da historia de Moisés.	AA, CSC
B2.3. Recoñecer e valorar os sinais da amizade de Deus co seu pobo.	CSB2.3.2. Agradece os sinais do coidado de Deus na súa vida: saúde, familia, escola, amigos.	CSC

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación levarase a cabo mediante a revisión das tarefas elaboradas polo alumnado, que abranguerán todo tipo de formatos, desde a documentos en liña ata traballos manuais con materiais analóxicos, visualización de vídeos, comentarios de textos, etc.</p> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Utilización da plataforma do centro para o envío de tarefas ao alumnado - Comunicación por correo electrónico para a remisión e corrección de tarefas, así como a resolución de dúbidas
Cualificación final	<p><u>3ª Avaliación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Adaptación da programación para o 3º trimestre. - Cualificación da 3ª avaliación.- Media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliación. <p>A partir disto:</p> <ul style="list-style-type: none"> -<u>Alumnado coa media suspensa</u>: Poderá <u>optar</u> ao aprobado na área presentando as tarefas proposta polo profesorado. -<u>Alumnado coa media aprobada</u>: Poderá <u>optar</u> a mellorar a cualificación presentando as tarefas propostas polo profesorado. <p><u>Avaliación final</u></p> <p>Será a media das tres avaliacións</p>
Proba extraordinaria de setembro	Non se aplica.
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: non se aplica.</p> <p>Criterios de cualificación: non se aplica.</p>

	Procedementos e instrumentos de avaliación: non se aplica.
--	--

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades sóbense de forma bimensual á aula virtual do Centro, e abranguen tarefas dos seguintes tipos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Visualización de materiais en liña relacionados cos contidos da materia - Reflexións sobre o aprendido nos devanditos materiais - Elaboración de fichas de índole lúdica e didáctica sobre o tema tratado, sexa de forma analóxica ou dixital - Participación en xogos que permitan fixar os coñecementos adquiridos
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Ao comezar cada bloque de actividades, sóbense no blogue da aula virtual as tarefas correspondentes, precedidas dunha breve contextualización e coa aclaración dunha data límite de entrega. O alumnado atopa o acceso aos materiais necesarios, xa sexa mediante ligazóns a páxinas web ou mediante ficheiros adxuntos proporcionados polo docente.</p> <p>Dentro do prazo establecido, o alumnado remite as tarefas completadas ao docente por correo electrónico, e este as revisa e envía a súa resposta pola mesma vía.</p> <p>Estas actividades encadraranse dentro do marco de coordinación establecido polo equipo docente do centro, co que se produce unha comunicación constante por vía telemática.</p>
Materiais e recursos	<p>Os materiais e recursos utilizados inclúen:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A aula virtual do Centro - Páxinas web de acceso gratuito con contido audiovisual - Fichas e actividades de elaboración propia - Correo electrónico, para a comunicación co alumnado - En casos puntuais, de considerarse necesario, recórrase ao contacto por vía telefónica ou por videoconferencia, a través da plataforma CISCO WEBEX.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Remitiráselles información sobre esta adaptación das programacións do terceiro trimestre ás familias a través de mensaxería instantánea desde o centro, indicando onde poden consultalas. Na información que se lles remita ás familias haberá que indicar que “a programación adaptada deste terceiro trimestre está a ser supervisada polo Servizo de Inspección e, se esta indica cambios, trasladaráselle de novo”
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.